XX Festival Internacional de Artistas de Rúa
2 agosto 2019 • REDONDELA

A DANZA DOS PAXAROS

19:30 e 23:00 > PASARRÚA.
A Danza dos Paxaros é un espectáculo de animación de rúa formado por seis actores e actrices e un actor principal, Luchi Iglesias, o ornitólogo que dirixe a esta particular bandada no seu danzar. Acompañados da música, das súas vistosas vestimentas e sobre todo de moito humor e moito ritmo, os paxaros percorrerán as rúas, a praza ou o espazo que se lles dispoña facendo bailar a todos e todas as presentes.

OS ROMEIROS DO CARACOL

20:00 e 23:00 > PASARRÚA.
Os irmáns Quintá percorren o camiño de volta de San Andrés de Teixido á súa casa despois de cumprir a ofrenda que lle prometeran ao seu defunto avó de levalo a San Andrés en forma de caracol, xa que non fora de vivo. A sabendas de que o camiño ía ser lento viaxan nunha caravana-caracol que tamén serve de teatriño de títeres co que contan as historias e cancións que viron e escoitaron en San Andrés.

MÁIS ALTO AÍNDA

21:00 > ALAMEDA DE CASTELAO.
Unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home... estúpido. El ha facer o que sexa para estar con ela, e ela fará todo o posible por escapar. Ela é dona de si mesma, el é infantil. Veremos como a súa loita frenética se vai intensificando a medida que atopan un trapecio de balanceo, cordas aéreas e un hula-hoop de lume.

DIÁBOLO CLASIC METAL

22:00 > PRAZA DA CONSTITUCIÓN.
O concerto está a piques de comezar. Os excéntricos irmáns rematan de prepararlo todo cun calculado desorde. Pero aínda queda unha dúbida: Se Beethoven nacese hoxe… ¿sería rockero ou malabarista? Efectivamente, eles tampooco o saben. Atopámonos unha vez máis ante unha extraña mezcla entre a música, o circo e o humor… sobre todo humor.

SÓ XAMPATITO

22:30 > PRAZA PAZO DE PETÁN.
Un personaxe obsesivo, cadriculado e meticuloso. Un ser único na súa especie rodeado dun sin fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo. Do caos surxe un universo delirante onde inventa a risa, creando unha locura cómica e transformándose nun novo ser cunha nova figura.

LUIS ZAHERA

23:15 > PRAZA DA CASA DA TORRE (Monólogo).
O recoñecido actor galego Luis Zahera visita Redondela para ofrecer o seu humor nun monólogo que pechará o Festival de Artistas de Rúa. Luis saltou á fama en Galicia polo seu papel de "Petróleo" na exitosa serie da TVG, "Mareas Vivas". Á marxe disto, participou en moitas outras series e películas, ademáis de numerosas obras de teatro e curtos. No 2019 foi galardoado co Premio Goya a mellor actor de reparto polo seu papel en "El Reino".